

Un Nadal para todos os gustos en Oroso

O Concello de Oroso xa ten listo un ano máis o seu programa de actividades de Nadal, que inclúe unha gran variedade de actividades para todos os gustos e idades. Un programa que che adiantamos dende **Troita** e que nuns días poderás recoller nos distintos locais municipais.

● Campaña de Animación á Lectura.

Sábados 13, 20 e 27 de decembro e 3 de xaneiro "Contos do tempo de Nadal" ás 11:00 h. Maiores de 3 anos.

Venres 19 de decembro, Club de Lectura, ás 18:00 h.

Venres 26 de decembro, obradoiro "Somos amig@s invisibles!", ás 18:00 h. Inscricións previas na biblioteca.

● **Belén vivente da gardería "A Ulloa"**. Venres 12 de decembro, ás 18:30 h., no centro cultural.

● **Sesión aberta dos alumno@s do Obradoiro de Teatro**. Xoves 18 de decembro, ás 18:00 h, no centro cultural. Para todos os públicos.

● **Visitas dos Paxes Reais**. Venres 19 de decembro un carteiro Real e un paxe Real recollerán as cartas dos nen@s da gardería "Trastes", da gardería "A Ulloa" e do CRA Oroso (no centro cultural) Tamén acudirán ao Fogar Residencial Porto Avieira.

● **Teatro ATEACO**. "Eirugas". Venres 19 de decembro, ás 21:00 h, centro cultural. Maiores de 12 anos.

● **Obradoiro de decoración de Nadal con material de Refugallo**.

2, 3, 4, 9, 10 e 11 de decembro, de 17 a 19:00 h. 15€ empadroados. E o 22 e 23 de decembro, sesións para nenos/as de 16:30 a 18:00. 10€ empadroados.

● **Obradoiro de decoración de Nadal de cupcakes para neno@s**. Luns 22 e martes 23 de decembro. Inscricións dende o 9 de decembro ata o mesmo día do obradoiro. 18€ empadroados e 22€ non empadroados.

● **Maxia**. Mago **Martín Camiña** co espectáculo "Intres de ilusionismo". Martes 23 de decembro, ás 18:00

h, no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

● **Concerto de panxoliñas**. Venres 26 de decembro, ás 20:30 h, no centro cultural. Para todos os públicos.

● **Baile de Nadal para maiores**. Sábado 27 de decembro, a partir das 19:30 h, no centro cultural. Co grupo Chanel . Dirixido á terceira idade.

● **Excursión a Xuvenilugo** (atraccións, karts, piscina waterball...). Xoves 29 de decembro. Saída ás 15:30 h e regreso ás 21:00 h. Dirixido a rapaces e rapazas de 7 a 16 anos. Inscricións antes do 23 de decembro. 10 euros (ata 12 anos) e 12€ (de 13 a 16 anos).

● **Imos cantar os Reis**. Martes 30 de decembro, de 17:00 a 20:00 h no centro cultural. Dirixido a nenos/as de todas as idades e ás súas familias. Inclúe un obradoiro participativo de recuperación dos Cantos de Reis que inclúe: construción de instrumentos sonoros e Cantos de Reis, saída para cantar os Reis e visitas a establecementos da contorna pedindo o aguinaldo e merenda cos aguinaldos conseguidos. Inscricións no centro cultural.

● **Gran Cabalgata de Reis**. Luns 5 de xaneiro. Ás 17:30h. saída da Estación de Vilacide e percorrido polas rúas de Sigüeiro (Portiño, Insúa, praza de Alexan-

dre Bóveda, do Medio, Portiño, Avda. de Compostela, Praza da Foca, Avda. da Garabanxa, Cultura, río Lengüelle, Avda. de Compostela, Xuncal). Recepción na Casa do Concello ás 18:15 h e chegada ao Pavillón de Deportes ás 19:00 h, onde haberá caramelos e inchaables para todos/as!!

● **Festival de Ano Novo da Aula de Música**. Venres 9 de xaneiro, ás 19:00 h. Todos os públicos.

Máis información no centro cultural 981 690 903 ou na páxina web (www.concellooroso.com)





O Concello logra o permiso de Fomento para a beirarrúa na N-550 de acceso ao colexio

O Concello de Oroso xa ten a autorización do Ministerio de Fomento para facer as beirarrúas na Avenida de Compostela (N-550) para mellorar a seguridade viaria dos nenos e nenas que acceden ao novo colexio de Oroso. De feito, a intención é incluír xa este proxecto nos Orzamentos do 2015, que serán aprobados polo pleno municipal antes de que remate o ano. Así as cousas, o alcalde Manuel Mirás considera que "no mes de marzo deberiamos estar coas obras das beirarrúas en marcha". As obras que están xa a piques de rematar son as da urbanización da rúa do Tambre, que permitiu a eliminación de barreiras arquitectónicas nunha das rúas principais de Sigüeiro, así como os traballos da primeira fase do proxecto de preinstalación de alumeadado público e de zonas peonís na estrada que une os núcleos rurais de Vilalbarro e O Cruceiro coa estrada N-550 (na parroquia de Oroso).



Manuel Mirás e Eduardo Veiras, supervisan as obras no Cruceiro



En Reis, ningún neno/a de Oroso sen agasallo



O Concello puxo en marcha a campaña "En Reis, ningún neno/a sen agasallo", para que todos os nenos e nenas das familias máis vulnerables poidan ter un agasallo o día de Reis. A iniciativa conta coa total colaboración de case todos os establecementos comerciais de Oroso, que ata o vindeiro 16 de decembro albergarán nos seus locais unhas huchas para recoller os donativos dos seus clientes. Anímaste a participar?

albergarán nos seus locais unhas huchas para recoller os donativos dos seus clientes. Anímaste a participar?



O Campamento de Nadal chega coa novidade do inglés

O Concello de Oroso vén de abrir o prazo de inscrición no Campamento de Nadal 2014, dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos e que terá lugar ao longo de dez días. Como todos os anos están programadas actividades lúdicas, manualidade e xogos, coa novidade de que este ano terá lugar unha inmersión lingüística en inglés. As familias poderán optar por un horario reducido (de 9:00 a 14:00 horas) ou ampliado (de 7:30 a 15:30 horas), así como decidir se precisan dos servizos de almorzo ou xantar. Máis información e inscricións no Centro Cultural de Sigüeiro (981 690 903), en horario de 9:00 a 14:00 horas; ou en Escuela Contalento (881 981 905), en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

Campamento Nadal 2014

concilia OROSO

Días decembro 2014: 22, 23, 24, 26, 29, 30, 31
Días xaneiro 2015: 2, 5, 7
Para nenos dende os 3 ós 12 anos

Actividades lúdicas, manualidades e xogos con inmersión lingüística en inglés no entorno urbano de Oroso

Horario reducido 9:00 a 14:00 e ampliado 7:30 a 15:30. XANTAR
Posibilidade doutros horarios e servizos... almorzo, merenda

INSCRIPCIÓN PREVIA:
Centro Cultural Fernando Casas e Novoa 981690903
En horario de 9a14

Paseo Carboeiro, 9 Sigüeiro - Oroso
881981905 En horario de 9a14 e 16a20

OROSO escuela CONTALENTO

CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL CON MENSAXE

OROSO

BÚSCANSE... PRESENTADORES PARA PODCAST OROSO

Se tes entre 12 e 20 anos, che gusta o mundo da Radio e che gustaría dar os primeiros pasos neste interesante mundo do micrófono ao mesmo tempo que o pasas ben entónces eres a persoa acertada!

Buscamos un grupo de rapaces e rapazas para poñer a funcionar o **PODCAST OROSO** onde terán cabida distintas seccións como o deporte, noticias de actualidade, música, moda, entrevistas e tertulia entre outras!

INFORMATE NA AULA DA XUVENTUDE EN HORARIO DE 17:00H A 20:00H DE MARTES A VIERNES OU NOS SEGUENTES TELÉFONOS:
981690147/ 981690903
PRAZO DE INSCRIPCIÓN: HASTA O 30 DE NOVIEMBRE

OROSO
www.concelloorosoo.com



Máis dun cuarto de millón de euros para obras no 2015

O Concello de Oroso investirá os 242.398 do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (**POS 2015**) en obras que melloren o benestar da veciñanza. É máis, o Concello fará unha achega de case 13.000 euros para a urbanización do vial de acceso á nova gardería de Sigüeiro, o que eleva o investimento total a 255.349 euros.

O proxecto de maior orzamento é a urbanización do vial de acceso á nova gardería de Sigüeiro, dende a Avenida da Granxa (106.042,85 euros). Así, a nova gardería terá unha ampla entrada propia e tamén unha zona de aparcadoiro espazosa para cando entre en servizo no curso 2015-2016. Tera tres unidades e contará con 41 prazas. Así mesmo, o Concello de Oroso investirá 73.954,51 euros na mellora da rede viaria nos lugares de Burgao-Piñeiro, Castro-A Costa e A Costa (Trasmonte) e A Pena, Alto de Vilanova-Vilacide de Arriba e en Vilacide de Abaixo (Oroso). Tamén se inclúe a mellora da rede viaria no lugar de O Cruceiro (Oroso) por 43.351,85 euros. Finalmente, o POS 2015 contempla un investimento de 30.000 euros para a primeira fase da instalación de saneamento no lugar de O Barreiro (Sigüeiro).

A aprobación do POS 2015 coincide co remate das obras incluídas no **POS 2014**, que supuxeron un investimento de 218.754 na rede viaria das parroquias de Marzoa, Oroso, Senra, Trasmonte, Gándara e Ánxeles, como comprobaron o alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Vías e Obras, Eduardo Veiras. Entre as obras realizadas figura a mellora da capa de rodadura en Altiboa, O Castro de Recouso e a Cruz do Folgoso (Marzoa) e a mellora da rede viaria nos lugares da Estación de Oroso e O Cruceiro (Oroso), Zan (Trasmonte), Vilares (Senra), A Igrexa (Os Ánxeles) e Piñeirón (A Gándara).



O Concello vén de rematar un investimento de 48.798 en estradas



Mellorouse o firme en Altiboa, O Castro de Recouso e A Cruz de Folgoso (Marzoa)



O Concello investiu 47.808 euros na rede viaria da Estación de Oroso e O Cruceiro

EN REIS NINGUNHA NENA OU NENO SEN AGASALLO

ORGANIZA: **OROSO**

COLABORAN: AULA 10, LIBRERÍA REFOXOS

PODES COLABORAR NOS ESTABLECIMENTOS PARTICIPANTES NA CAMPAÑA

BÚSCANSE VOLUNTARIOS/AS

OBJETIVO: Anunciar nos establecementos de comercio de tempo libre para realizar actividades de dinamización con NENAS E NENOS DO CONCELLO

LUGAR: AULA DE EVENTOS MUNICIPAL DE OROSO

EDIFICIO DE TALLERES DE OROSO DE APERTURA DA AULA E DE TALLERES DE ARTES E MANOS, PASEO DE SAN XOSÉ DO BARRO

#Info: correcoluntariad@concelloorosos.com
Facebook: Voluntariado Oroso
Tfno: 981699902

Centro cultural Fernando de Casas e Novoa (Sigüeiro-Oroso)

VOLUNTARIADO OROSO

CURSO: DECORACION DE NADAL CON MATERIAL DE REFUGALLO

DIAS: 17, 18, 19 E 20 DE DECEMBRO

HORA: DE 9 A 13:30 CENTRO CULTURAL

PREZOS: 5€ (INCLUIDO)

INCLUIDO: 5€ COPIA DO PÓBLICO

E TAMÉN SEGURO PARA SENOS A PARTIR DE 4 ANOS DE EDAD

22 412 20 1813 HORAS DE 4:30 A 6

PREZOS: 20€ A 30€ (INCLUIDO) (INCLUIDO) (INCLUIDO) (INCLUIDO)



Non á violencia de xénero



Dende o Concello de Oroso queremos agradecer a todos os veciños e veciñas a vosa sensibilidade e participación nas actividades organizadas contra a violencia de xénero onde, como dixemos ben claro, cada día conta.



O Concello de Oroso organizou actividades para formar aos **profesores do municipio** na atención a nenos con necesidades especiais como a síndrome de asperger.



Os maiores de Oroso achegáronse aos beneficios da **musicoterapia** a través dunha nova xornada formativa, incluída no programa "Martes saudables".



O Concello de Oroso comprometeuse a incluír novas **cláusulas** nos pregos das próximas adjudicacións de servizos para incrementar a defensa dos dereitos dos traballadores.

Axenda: Nadal

2 Obradoiro de decoración de Nadal

3 Obradoiro de decoración de Nadal

4 Obradoiro de decoración de Nadal

9 Obradoiro de decoración de Nadal

10 Obradoiro de decoración de Nadal

11 Obradoiro de decoración de Nadal

12 Belén Vivente da gardería "A Ulloa" (18 h.)

13 "Contos do Tempo de Nadal" (11 h.)

15 Fin do prazo de entrega no Concurso de Postais de Nadal

18 Sesión aberta do Obradoiro de Teatro, ás 18:00 h.

19 - Visita Paxes Reais
- Club de lectura, 18:00 h.
- Teatro Ateaco, 21:00 h.

20 "Contos no Tempo de Nadal" (11:00 h.)

22 - Inicio Campamento de Nadal
- Obradoiro de cupcakes
- Obradoiro decoración Nadal

23 - Obradoiro de cupcakes
- Obradoiro decoración Nadal
- Mago Martín Camiña (18 h.)

26 - "Somos amigos invisibles"
- Concerto panxoliñas (20:30)

27 - "Contos do Tempo de Nadal" (11 h.)
- Baile de maiores. 19:00 h

29 Excursión a Xuvenilugo

30 Cantar de Reis

5 Cabalgata e Festa de Reis, dende as 17:30 horas.

9 Concerto de Aninovo da Aula de Música, 19:00 h